

A painting by Francisco Torrón depicting a person with short brown hair and bangs, wearing a blue hat with a large bow and a brown coat over a grey shirt. They are sitting in a blue upholstered armchair, resting their chin on their right hand. In their left hand, they hold a small, white, fluffy object. The background is a plain, light-colored wall.

Escoita o mar

Retrospectiva do artista
FRANCISCO TORRÓN



CONCELLO DA CORUÑA

Alcaldesa da Coruña
Inés Rey García

Concelleiro de Cultura e Turismo
Gonzalo Henrique Castro Prado

Director da Área de Cultura
Uxío Novo Rey

Xefa de Servizo de Cultura e Memoria
Histórica
Susana Martínez Portabales

Directora de Exposicións e
Coleccións
Ana Martínez Arenaz

Kiosco Alfonso
María Corredoira

EXPOSICIÓN

Comisario
Pablo Torrón Pelluz

Ayudante de comisariado
Beatriz Torrón Fernández

Montaxe
Savisu Soluciones S.L.

Trasporte
CUBIC Gestión Cultural

Deseño e maquetación
Xosé Salgado

Impresión gráfica
Gráficas Mera

Seguro
Hiscox

CATÁLOGO

Textos
Inés Rey García
Pablo Torrón Pelluz

Deseño e maquetación
Xosé Salgado

Revisión do galego
Servicio de Normalización
Lingüística do Concello da
Coruña

Imprime
Lugami

Depósito Legal
C 36-2026

Escoita o mar

Retrospectiva do artista
FRANCISCO TORRÓN

Sala de exposicións
Palacio Municipal

22 de xaneiro - 12 de marzo
2026



Concello da Coruña

ÍNDICE

- 7 Limiar**
Inés Rey
Alcaldesa da Coruña
- 9 Escoita o mar.**
Retrospectiva do artista
Francisco Torrón
Pablo Torrón Pelluz
Comisario da exposición
- 21 Catálogo**
- 58 Textos en castellano**

Limiar

Inés Rey García

Alcaldesa da Coruña

Francisco Torrón foi un deses xenios sosegados. Dos que cultivan a súa xenialidade como o que coida dun xardín ou coce un guiso a lume lento. Sen grandes espaventos nin extravagancias esaxeradas. El refuxiábase na soidade acolledora dun estudio e preguntáballe ao lenzo, branco aínda, “Que tes para min? Que teño para ti?”. Quizais por iso, pola súa revolucionaria imperturbabilidade, a figura foi adquirindo aínda máis vixencia durante estes últimos anos. En tempos de ruído, nun mundo berrón que parece estar continuamente renxendo e ameazando con romper para sempre, os xenios calmos son como botes salvavidas. A valentía da introspección sentimental, poética, que lembra que á fin e ao cabo somos humanos e estamos xuntos nisto.

A falta de son na vida de Torrón, que quedou xordo sendo moi pequeno, constitúe un elemento importante, pero non definitorio, da súa mitoloxía. Quizais a falta dun dos seus sentidos fixo que potenciase ata o extremo aqueles que lle restaban. Quizais a súa mirada única se debese a que a imaxe viva recollida pola retina (a imaxe real que precede á imaxe de pinceladas) era a súa forma de representación fundamental de canto o rodeaba. Sen o son que acompaña o río que flúe

tranquilamente e ao compás por debaixo dunha ponte de pedra, se cadra adquiren matices imposibles os brillos e os reflexos que o sol proxecta sobre a auga arremuiñada. Se cadra son dunha cor máis viva os prados arrolados polo vento do atardecer. Se cadra hai toda unha paleta de tons e verdades que el podía ver e nós non. Desde logo, observando a súa obra coa distancia do tempo, iso é exactamente o que parece. Que Francisco e o seu pincel ían por diante. Rozando a maleza e atopando pequenas xoias cotiás á volta de calquera camiño de calquera lugar.

Podía ser a súa querida muller, Beatriz, sentada en calma nunha butaca e cunha buguina sobre o seu colo, como soñando coas ondas do mar desde o resgardo dun salón familiar. Podía ser unha nena, inmortalizada con xesto de infinita curiosidade, como se estivese a desexar que se terminase o posado para saír correndo a explorar e xogar. Podía ser, mesmo, un simple paraugas. Dos recunchos máis improbables, máis aparentemente intranscendentes, repañaba Francisco con esa visión superdotada e tranquila unha escena para estremecer as almas. Por iso necesitamos, agora máis que nunca, do seu mirar reflexivo de home laborioso.




Fig. 1

Escoita o mar. Retrospectiva do artista Francisco Torrón

Pablo Torrón Pelluz

Comisario da exposición

A través desta mostra, búscase destacar e recoñecer a relevancia de Francisco Torrón Durán (A Coruña, 1934 – Madrid, 2020) e a súa achega ao ámbito artístico e cultural ao longo de boa parte do século XX e dos comezos do actual. Este proxecto nace no ano 2017, co inicio do doutoramento sobre este autor na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid, da man do seu neto Pablo Torrón Pelluz. Durante as investigacións neste proxecto localizáronse obras súas en lugares icónicos de Madrid, como dous cadros na entrada da Igrexa das Descalzas Reales, outra obra na Igrexa do Cristo de Medinaceli, no Barrio das Letras; ou seis pinturas para o retablo da Igrexa de Villamanta. Por outra banda, atopamos obra súa repartida en coleccións privadas e museos, sobre todo en Galicia e na Comunidade de Madrid. A súa produción artística merece especial atención, xa que deixou un catálogo de máis de medio milleiro de pezas.

Así, para esta mostra tómase como base a súa produción artística, con algúns apuntamentos sobre o seu traballo de restauración; e préstaselle especial atención á súa relación coa cidade da

Coruña e aos traballos realizados nela ao longo da súa vida. Contamos cunha minuciosa selección de obras representativas de cada época que reflicten cada etapa. Ao mesmo tempo, o espazo expositivo divídese nas temáticas máis tratadas por Torrón: a paisaxe, o bodegón e o retrato. Para iso, apoiámonos na súa obra artística con debuxos, materiais, obra pictórica e escultórica.

Torrón foi un artista de gran relevancia polo legado que deixou, tanto no campo da creación como no da restauración. Compatibilizou o seu labor como pintor e escultor co seu traballo no Patrimonio Nacional, desempeñado no Palacio Real de Madrid desde 1961 ata 1997 (Fig. 1).

Primeiras pinceladas

Francisco Torrón Durán comezou os seus estudos artísticos a unha idade moi temperá, en certo modo por causas alleas. Aos poucos anos de nacer, contraeu meninxite, enfermidade que o deixou sen audición. Isto produciuse pola falta de medicamentos e o atraso na súa chegada a causa dos contra-



Fig. 2.



Fig. 4.

Fig. 3.

tempos ocasionados pola Guerra Civil en España (1936-1939). Inicialmente perdeu o sentido da vista e do oído, pero conseguiu recuperar a visión ao pouco tempo. Grazas a que xa sabía ler e escribir á temperá idade de catro anos, puido manter certa conexión social. Non precisou aprender a lingua de signos, xa que desenvolveu a comprensión da fala pola xesticulación da boca. O feito de non poder oír causoulle algunhas diferenzas á hora de socializarse e axiña se dedicou con empeño ao mundo das artes. Nun principio sería unha vía de escape que rapidamente se convertería nunha vocación apaixonada.

Tras este acontecemento, facemos un inciso para lembrar a obra coa que comeza esta mostra e que lle dá título á exposición: *Escoita o mar*. Unha obra, sen dúbida, cargada de simbolismo e que ben alude ao acontecemento que acabamos de contar sobre a trágica enfermidade que sufriu Torrón na súa infancia. Unha obra que fai referencia á historia contada pola súa muller, Beatriz, que nos describe deste xeito: «Lembro que lle comentaba a Paco que podías escoitar o mar se achegabas unha caracola á orella, algo que lle parecía máxico, xa que non podía entender como podía suceder algo así». Unha metáfora pictórica que predispón as persoas espectadoras sobre a obra e vida de Torrón.

Esta pintura foi realizada en 1968 na cidade de Vigo. Durante esta data, Torrón estivo mergullado nun encargo de restauración por parte do concello da dita cidade sobre un retablo plateresco do século XVII e outras obras, no Museo Quiñones de León, entre os anos 1967 e 1970.

Continuando coa infancia do noso autor, a finais dos anos trinta e principios dos corenta, o seu domicilio familiar atopábase en Cidade Xardín, un complexo residencial ás aforas da Coruña, onde convivía cos seus pais e irmáns. O pai de Francisco alentouno notablemente a tomar as artes como vía de escape pola súa prematura xordeira, xa que vía nel importantes dotes. Pouco tempo despois de perder a audición, o seu pai proporcionoulle unha mesa de carpinteiro e algunhas ferramentas para mantelo ocupado e estimular a súa creatividade. Grazas a iso, Francisco comezou desde neno a familiarizarse co traballo na madeira, unha aprendizaxe que máis adiante lle facilitaría enormemente o seu desenvolvemento dentro do ámbito artístico. O seu pai, que tamén se chamaba Francisco, dedicouse durante un período da súa carreira ao traballo como aparelador e podemos atopar unha das súas obras aínda en pé, xa que tamén realizou algún labor artístico. Trátase da escultura do paraugas coñecida como *O Temple*, que se atopa na entrada da ponte do Burgo, no municipio de Cambre (A Coruña) (Fig. 2). Un paraugas que, no seu día, cara aos anos corenta do século pasado, serviu de marquesiña para as/os pasaxeiras/os do autobús ou tranvía, e que actualmente se converteu nunha referencia cultural.

Proseguindo coa vida de Torrón, polas dificultades de comunicación, os seus estudos foron practicamente con docencia particular, con clases de pintura por parte da artista M.^a del Carmen Corredoira (1944) (Fig. 3), que combinou posteriormente coa formación en artes e oficios no Instituto Eusebio da Guarda (1947) (Fig. 4). Coincidiu con mestres



Fig. 5.




Fig. 6.



Fig. 7.

como Indalecio Díaz Baliño, Ángel Mateo Trapote e Luis Quintas Goyanes. Co seu profesor de escultura, Trapote, sábese que Torrón realizou numerosos labores como colaborador en proxectos seus mentres se formaba. Este centro posúe unha destacada tradición artística. Construído en 1890 polo arquitecto Faustino Domínguez Goumes-Gay grazas ao mecenado de Eusebio da Guarda e da súa esposa, Modesta Goicouría, xurdiu nun momento de notable impulso económico e social na cidade. A súa creación respondeu ao proceso de expansión que vivía A Coruña a finais do século XIX, pois ata entón a escola máis próxima atopábase en Santiago de Compostela. Dado o crecemento que experimentaba, resultaba lóxico que contase co seu propio centro de artes e oficios, un lugar polo que pasarían figuras tan recoñecidas como Pablo Picasso ou María Antonia Dans. De feito, Picasso foi alumno do instituto con apenas dez anos, coincidindo co período no que o seu pai impartiu clases de pintura alí, entre 1891 e 1895. Situado na praza de Pontevedra, este histórico instituto continúa activo na actualidade.

Unha vez concluída esta primeira fase formativa e xa acadada a maioría de idade, tomou a decisión de trasladarse a Madrid para proseguir os seus estudos na Real Academia de Belas Artes de San Fernando, onde ingresou en 1954. Unha institución pola que pasaron artistas como Goya, Sorolla, Dalí ou Picasso, e que é sen dúbida un gran referente cultural de España. Torrón logrou superar simultaneamente a proba de acceso e o primeiro curso con cualificacións destacadas, un logro inusual, pois o habitual era prepararse previamente para o exame de ingreso e cursar primeiro despois. Foron uns

tempos nos que coñeceu a moitas persoas que posteriormente chegaron a ser grandes artistas recoñecidos, tivo máis achegamento con Isabel Quintanilla, Xaime Quesada, María Moreno, M.^a Teresa Peña, Manuel Alcorlo, Antonio Zarco e Joaquín Peinado (Fig. 5). Tamén tivo un forte lazo con varios profesores da academia, entre os que destacaban os irmáns Zubiaurre, nados ambos xordos; que adoitaban realizar coloquios con artistas do panorama actual, aos que Francisco Torrón asistía con frecuencia. Tivo moito contacto con eles durante toda a súa traxectoria profesional. Outros profesores cos que tivo un gran vínculo foron o escultor Eduardo Capa e o pintor galego Luis Mosquera. Francisco xa tiña relación con este último antes de ingresar na academia, pois ambos eran naturais da Coruña. Luis Mosquera coñeceu grazas a un vínculo familiar durante unha estadía na cidade, e foi el quen o animou a trasladarse a Madrid para estudar Belas Artes. Nun destes encontros entre Torrón e Mosquera na Coruña, Francisco atopábase realizando un retrato da súa irmá Lola. Durante o encontro Torrón pediulle consello a Mosquera, quen colleu os pinces e se puxo a debuxar algunhas pinceladas. Unha vez rematada a sesión, Mosquera alentou a Torrón a continuar, ao que Torrón lle respondeu que xa non era necesario e deixou como finalizada a pintura. Deste xeito, podemos ver este valioso retrato dos comezos de Torrón (Fig. 6).

Retomando a decisión de Francisco de continuar a súa formación en Madrid, debemos expoñer que, neste período, Madrid era o epicentro neuráxico da arte, onde quen quería dedicarse a ela profesionalmente debía establecerse, xa que era onde se dispoñían máis oportunidades. Durante esta etapa



Fig. 8.

de formación cómpre destacar un dos feitos máis relevantes na vida de Torrón: cando coñeceu a Beatriz, durante o período vacacional do verán de 1959 na cidade da Coruña, con quen contraería matrimonio posteriormente (Fig. 7). Beatriz, malia ser orixinaria da Coruña, residía igualmente en Madrid durante aquel período, circunstancia que facilitou o afianzamento da relación con Francisco. O seu interese polas artes resultou determinante, xa que posuía formación en pintura e debuxo, adquirida a través de frecuentes saídas ao aire libre para practicar co cabaleta do seu pai. Esta afinidade artística propiciou a realización de saídas conxuntas para pintar, e foron especialmente recorrentes espazos como o Parque do Retiro en Madrid e diversos enclaves galegos, entre os que destacaban os arredores de San Pedro de Nós.

Por outra banda, debemos poñer en contexto algúns aspectos históricos. Os anos corenta, cincuenta e sesenta estiveron moi marcados por unha tendencia academicista clásica por parte das institucións, impulsada polo Estado, xa que era o modelo para seguir polo bando gañador, tras a Guerra Civil española. Neste contexto atopamos certos matices vangardistas. Comezando pola década dos corenta, en plena posguerra, vemos que o Surrealismo, adoptado por algúns artistas, segue presente, ao contrario que moitas outras correntes vangardistas que se viron revogadas ou eclipsadas despois da guerra. Este é un movemento francés encabezado polo literato Bretón na década dos anos vinte, que foi acollido por artistas como Dalí ou Miró, ou pola artista exiliada Maruja Mallo. Por outra banda, vemos o chamado Postismo en Madrid, un breve movemento artístico e literario con

tendencias surrealistas, encabezado por Eduardo Chicharro, Edmundo de Ory e Silvano Sernesi, que tivo un curto período de exposición a mediados dos corenta. A Escola de Vallecas ten un papel moi importante tamén neste contexto. Un movemento que xurdiu a finais dos anos vinte encabezado por Benjamín Palencia e Alberto Sánchez. Un proxecto que naceu en contraposición ás vangardas que estaban xurdindo no resto de Europa, buscando unha esencia máis particular e terreal. Foi o único movemento vangardista que rexurdiu tras a Guerra Civil, a principios dos corenta, co non exiliado Benjamín Palencia á fronte, coñecido como Segunda Escola de Vallecas. Movemento que influíu notablemente na obra de Torrón, cunha estética moi característica. Tendo como protagonista a paisaxe castelá, eran abundantes os tons terra e un realismo algo deformado, unha pincelada expresiva e, nalgúns casos, o uso de cores intensas.

Non obstante, outro movemento que xurdiu nesta etapa, a mediados dos corenta, foi a Escola de Madrid, á que pertencían Menchu Gal, Álvaro Delgado, Novillo ou Gregorio, entre outros. Este adoptou un estilo realista moi característico, de tons grises e formas expresivas, que tamén influíu na obra de Torrón. Así mesmo, os cincuenta foron unha época na que observamos unha experimentación estilística na obra de Torrón. Como podemos ver na súa produción, as formas son máis angulosas e os tons grises e terras. A ausencia de ollos está moi presente na maioría das obras desta época, clara influencia da obra de Modigliani, artista moi estudado e referente da súa xeración. Non obstante, a finais dos cincuenta xa se observaba certo aire máis liberador no tocante á creación artísti-

ca, co Informalismo abstracto, e o xurdimento de movementos como El Paso (Madrid), Dau al Set (Barcelona) ou Pórtico (Zaragoza), entre outros. En contraposición a esta corrente, xurdiu un realismo encabezado pola figura de Antonio López, é o chamado Realismo Madrileño ou Realismo Máxico. Un grupo de artistas que adoptaron unha figuración moi particular e ao que pertencían moitos/as compañeiros/as de Torrón, como Isabel Quintanilla, María Moreno, Amalia Avia ou Antonio Zarco; e que o propio Francisco adoptou tamén na súa plástica. Sen lugar a dúbidas, unha época de importantes acontecementos culturais en España que marcaron as bases do que ocorrería posteriormente nas artes.

Retomando 1961, antes de concluír os seus estudos, Francisco Torrón ingresou como restaurador interino na campaña do Mosteiro do Escorial co Patrimonio Nacional, onde traballou na cúpula da Basílica, na Biblioteca e en numerosos frescos de Lucas Jordán. A súa formación na Academia de San Fernando (1954-1962) abarcou a especialización en pintura, debuxo, escultura e restauración (Fig. 8).



Fig. 9.

Fig. 10.



Entre a pintura e a restauración

En 1963 pasou a formar parte do equipo oficial de restauradores/as do Patrimonio Nacional no Palacio Real de Madrid, onde destaca o seu labor nas Descalzas Reales (Fig. 9) e ademais se conservan dúas pinturas súas na entrada da igrexa. Fundou e dirixiu os talleres de restauración de esculturas en pedra e madeira policromada do Palacio Real. Entre os seus traballos máis importantes figura a restauración do *Cristo xacente*, de Gregorio Fernández, no Mosteiro da Encarnación de Madrid, e o achado de que a escultura coñecida como o *Santiago del Espaldarazo* era, en realidade, unha Virxe (Mosteiro das Huelgas Reales de Burgos), feito documentado polo Patrimonio Nacional. A súa traxectoria restauradora abarcou grandes labores tamén noutros lugares icónicos como o Palacio Real de Madrid, o Convento de Santa Isabel (Madrid), o Palacio de Aranjuez, o Palacio de La Granja e o Alcázar de Segovia, ou os Reales Alcázares de Sevilla; e recibiu recoñecementos como a Medalla da UNESCO, a Medalla de Isabel a Católica e a Encomenda ao Mérito Civil.

Regresando a 1963, este ano supuxo un punto decisivo na vida de Torrón: ademais de concluír os seus estudos e incorporarse oficialmente como restaurador, foi cando contraeu matrimonio con Beatriz, e ambos se estableceron definitivamente na súa vivenda da zona da ribeira do Manzanares, en Madrid. Un ano máis tarde naceu a súa filla Beatriz, e en 1967 o seu fillo Francisco. Ese mesmo ano, Torrón decidiu alugar un estudio na rúa Bordadores (Fig. 9), moi próximo á Porta do Sol, espazo no que traballou durante catro décadas. Ao

mesmo tempo que desenvolvía o seu labor como restaurador, Francisco Torrón continuou cultivando a súa creación artística, centrada principalmente no óleo sobre lenzo, e pasou por distintas etapas ao longo da súa vida.

Con todo, a traxectoria creativa de Torrón viuse interrompida en diversos momentos debido á súa intensa dedicación á restauración, o que provocou que, a partir de mediados dos anos sesenta, a súa produción artística diminuíse notablemente. En contraste, os primeiros anos desa década estiveron marcados por un notable impulso creativo e unha activa participación en exposicións. Entre as mostras colectivas nas que interveu destacan Pintores de África (Madrid), Grande Arte de Europa (Bélxica) e a Fundación Francisco Alcántara (Granada). Tamén salientamos a súa selección na Exposición Nacional de Belas Artes de 1962, coa obra *Na azotea*, acontecemento de gran prestixio dentro do panorama artístico do momento e celebrado nos Palacios do Retiro e no Museo Arqueolóxico de Madrid. Aínda así, non é ata máis dunha década despois cando volvemos ver unha produción cuantiosa de Torrón. Isto débese á organización da súa primeira mostra individual na Coruña en 1980, na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia, que se atopaba na rúa Nova. A esta seguíronas outras dúas exposicións: novamente na Coruña en 1982, na Sala da Dirección Provincial, na praza de Pontevedra; e en Vigo en 1983, na Sala de Exposicións da Caixa de Aforros Municipal da rúa Policarpo Sanz (Fig. 10). Aínda que todas elas obtiveron unha excelente acollida por parte do público e da crítica, Torrón non volveu presentar exposicións individuais posteriormente, e quedaron estas tres como a súa



Fig. 11.

Fig. 12.

principal traxectoria expositiva individual en vida. A súa relevancia é notable tanto polo volume de obra xerado nese contexto como polo impacto que alcanzaron no seu momento.

Neste proceso expositivo, a figura da súa esposa, Beatriz, desempeñou un papel esencial. Ademais de brindar apoio persoal, asumiu funcións propias de mediación cultural e xestión de relacións públicas, e facilitou os contactos necesarios para materializar as ditas mostras. A súa implicación foi, por tanto, un factor clave tanto na organización como na difusión destas exposicións, e contribuíu significativamente ao recoñecemento público da obra de Torrón naqueles anos.

Co paso do tempo, Torrón foi consolidando un estilo cada vez máis característico, especialmente perceptible na forma en que lograba captar as transparencias dos cristais, a sutileza dos seus bodegóns e as atmosferas que rodean os obxectos representados. Tamén son constantes as referencias á súa Galicia natal a través das paisaxes, cargadas de memoria e arraigamento. Os seus retratos ocupan un lugar fundamental dentro da súa produción: neles busca reflectir non só a aparencia, senón tamén a esencia interior de cada modelo. Unha obra emblemática neste sentido é *Laetitia*, onde se recoñecen as súas características gamas terrosas, a atmosfera envolvente e unha pincelada máis libre, ademais dun profundo dominio técnico e cromático. Esta peza está considerada unha das máis destacadas da súa traxectoria. Do mesmo xeito, *Tinallas de barro* constitúe outro exemplo significativo das súas temáticas predilectas e reforza o seu uso de tons terra e grises, propios do

contexto artístico no que se formou. Nos estudos sobre como realizaba as obras, Torrón amosa unha metodoloxía común na maioría das súas pinturas. Torrón Durán adoitaba elaborar os seus propios materiais, deste xeito tiña un maior coñecemento deles e podía acomodalos ás súas necesidades. Con isto referímonos a que preparaba el mesmo o aparello con cola de coello e creta, ao que engadía un pigmento de ton terra avermellada, Siena Tostada, co que daba a base dos seus cadros. Isto podemos apreciálo en moitas das súas obras, onde deixa entrever o fondo. Tamén acostumaba escoller as teas para o lenzo, entre as que destacaba o liño Velázquez, unha tea moi apreciada como soporte pictórico pola súa calidade e textura. Xeralmente utilizaba pintura ao óleo elaborada industrialmente, aínda que tamén elaboraba os seus propios tons con pigmentos cando o consideraba necesario. Adoitaba empregar aceite de liñaza cunhas pingas de secativo de óxido de cobalto, o que lle proporcionaba á súa pintura unha maior untuosidade; algo que axudaba a crear trazos característicos do seu estilo e técnica.

Entre as referencias estilísticas que influíron na súa obra atópanse algúns dos mestres aos que máis admiraba. Goya foi para el unha influencia constante e recorrente, mentres que Velázquez ocupaba un lugar especial como pai da pintura posterior a el, ao que estudaba con frecuencia. Por outra banda, en certas pezas, como *Toro rojo* (Fig. 11), poden advertirse ecos do cubismo, especialmente vinculados á obra de Juan Gris. Co tempo, todas estas influencias confluíron nunha madurez artística sólida e persoal, que define con claridade o seu estilo máis recoñecido. Malia a calidade da súa

produción, a súa obra non alcanzou unha ampla difusión. En gran medida, esta limitada proxección podería atribuírse ás dificultades de socialización derivadas da súa xordeira, unha condición que condicionou a súa capacidade para establecer vínculos e desenvolverse con naturalidade nos círculos artísticos.

Francisco retirouse da súa actividade profesional restaurativa aos sesenta e tres anos debido a complicacións de saúde, e converteuse no último restaurador oficial da súa xeración no Patrimonio Nacional dentro do Palacio Real. A súa marcha deixou un importante baleiro nos talleres de cantería e madeira policromada, posto que el era quen estaba á fronte da súa dirección. Durante este período, Torrón continuou centrado na súa produción pictórica, elaborando principalmente bodegóns, retratos e paisaxes, mentres aceptaba algúns encargos puntuais de restauración. Co paso do tempo, a súa actividade artística comezou a diminuír, sobre todo polos seus crecentes problemas de saúde, que lle impedían traballar con comodidade, derivados de doenzas lumbares pola estenose múltiple de canal que sufría na columna.

En 2007 foi distinguido como Académico pola Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario na Coruña, a súa cidade natal, e ostentaba o título de Ilustrísimo Señor grazas aos numerosos honores que recibira. Ese mesmo ano decidiu pechar o seu estudio en Madrid, debido ao escaso uso que xa lle daba, e trasladou definitivamente o seu espazo de traballo á súa residencia no pobo costeiro de Miño (A Coruña), onde completaría as súas últimas obras. (Fig. 12)

Catálogo



Bosquexo de personaxes con cabalos

Grafito sobre papel

2000-2005

22 x 32 cm



Apuntamento de paisaxe. Praza

Santa Bárbara

Barras secas sobre papel

1960-1965

22 x 32 cm




Apuntamento de modelo

Carboncillo sobre papel

1954-1962

22 x 32 cm




Apuntamentos de modelo

Barras secas sobre papel

1954-1962

Arquivo familiar

22 x 31 cm





Apuntes de animais

Lapis de cor sobre papel

1990-1995


21 x 29,7 cm


Bosquexo de cego e violín

Barras secas sobre papel

1960-1965

22 x 31 cm





Apuntamento de paisaxe. A Moura

Lapis sobre papel

1996

21 x 29,7 cm




Bosquexo de pescadores

Barras secas sobre papel

1975-1980

22 x 31 cm




Perdices

Barras secas sobre papel

1975-1980

22 x 31 cm



Apuntamentos

Barras secas sobre papel

1975-1980

21 x 31 cm


Apuntamento de bodegón

Grafito sobre papel

1980-1985

Arquivo familiar

22 x 31 cm



Apuntamento de cabalos e man

Lapis sobre papel

2000-2005

Arquivo familiar

22 x 31 cm





Bosquexo dos Catro Xinetes do Apocalipse

Lapis sobre papel

2000-2005

22 x 31 cm


Apuntamento de bodegón

Lapis sobre papel

1990-1995

Arquivo familiar

21 x 29,7 cm





Bosquexo de personaxes con acordeón

Barras secas sobre papel

1960-1965

22 x 31 cm

A primavera, o verán e o inverno


Óleo sobre lenzo

1960

68 x 116 mm

Tamén denominada *As tres grazas*, esta obra constitúe un dos exemplos máis significativos da primeira etapa creativa de Francisco Torrón. Nestes anos iniciais —caracterizados por un estilo moi persoal— predominan os tons terrosos e agrisados, as formas angulosas e unha atmosfera de certo dramatismo. Esta linguaxe visual, compartida por outros/as artistas da súa contorna como Antonio Zarco, Manuel Alcorlo ou M.^a Teresa Peña, acada nesta peza un dos seus momentos máis destacados.

Un elemento especialmente singular deste período é a forma en que Torrón aborda a mirada das súas figuras. A ausencia de ollos, tan presente nos seus retratos temperáns, responde a unha procura expresiva particular. Para Francisco, os ollos tiñan unha carga emocional profunda; e, debido á súa xordeira, desenvolveu unha sensibilidade cara a outros detalles que para moitos pasaban desapercibidos. De aí que optase por omitilos nas súas composicións e dotar as figuras dunha expresividade distinta e máis intensa. Esta obra, realizada en 1960, mantense como unha peza clave dentro da súa produción.



Na azotea
Óleo sobre lenzo
1962
132 x166 cm

Esta obra foi creada na primeira vivenda que Francisco Torrón compartiu con Beatriz, situada na avenida de Valladolid, en Madrid. A súa estancia nese domicilio foi breve, pois poucos meses despois trasladáronse á que sería a súa residencia definitiva, situada nas inmediacións. Desde a terraza dese primeiro piso, con vistas cara á Casa de Campo, Torrón atopou a inspiración para esta pintura.

A escena representa un grupo de figuras que remite ao seu contorno familiar. O cadro foi realizado mentres concluía os seus estudos na Real Academia de San Fernando, institución coa que aínda mantiña unha estreita relación. Durante os primeiros anos da década de 1960 participou en diversas exposicións, entre elas o Certame Francisco Alcántara (Madrid), Pintores de África (Madrid), a Fundación Rodríguez-Acosta (Granada) e Grande Arte de Europa (Bélxica).

Esta obra foi seleccionada para o prestixioso certame da Exposición Nacional de Belas Artes de 1962 e formou parte do seu catálogo. Este evento celebrábase nos palacios do Retiro e no Museo Arqueolóxico de Madrid, e constituía unha das citas culturais máis relevantes da época.



Autorretrato coa súa muller Beatriz

Óleo sobre lenzo

1963

174 x 122 cm

Nesta peza represéntase a Beatriz en primeiro plano e a Francisco nun segundo termo. Foi realizada en 1963 na súa residencia de Madrid, dado que nese momento Torrón aínda non contaba cun estudio propio e traballaba nunha pequena habitación da vivenda. Trátase dun autorretrato cargado de simbolismo, no que o artista mostra o seu contorno cotián e a súa realidade persoal, e outórgalle a Beatriz o papel central na composición.

Na produción artística correspondente a esta etapa apréciase un estilo singular, caracterizado polo predominio de gamas terrosas e agrisadas, así como polo uso reiterado de formas angulosas. A ausencia deliberada dos ollos constitúe tamén un recurso frecuente deste período, probablemente influído pola obra de Modigliani, artista amplamente estudado e admirado por moitos coetáneos do momento. Esta linguaxe plástica non só marcou o traballo de Torrón, senón tamén o de varios dos seus contemporáneos, e configurou un tipo de realismo distintivo e representativo de toda unha xeración.



Laetitia
Óleo sobre lenzo
1980
Colección particular
115 x 92 cm

Os paseos polo emblemático mercado do Rastro madrileño constituían un costume habitual para Francisco e Beatriz. Ambos gozaban explorando os seus postos na procura de obxectos como porcelanas, pezas de bronce, xerras, reloxos ou fotografías antigas. Moitas destas imaxes servían-lle posteriormente a Torrón como fonte de inspiración, como ocorre nesta obra, baseada nunha fotografía atopada nun posto de antigüidades. *Laetitia* converteuse nunha das pezas máis representativas da súa produción, tanto pola impecable execución técnica como pola profundidade coa que aborda o retrato.

Como moi ben nos describe o crítico de arte Laureano Álvarez Martínez no seu artigo *Pintura de Torrón*, en *La Voz de Galicia*, para a exposición realizada por Torrón na Coruña en 1980:

«Estes retratos, que profundan e traen á súa luz a vivencia espiritual, o trazo definitorio da personalidade do retratado, enriquecécese de colorido que flúe, posiblemente, aínda en contra da unidade conceptuada que Torrón se impuxo para realizar o resto da obra exposta».





Retrato dunha muller (busto)

Óleo sobre lenzo

1965-1970

46 x 38 cm



Planta en maceta de barro

Óleo sobre lenzo

1980-1985

41 x 33 cm

Bodegón con tixolas

Óleo sobre lenzo

1986

81 x 75 cm

Este cadro naceu como un reto persoal para Torrón, cuxo propósito era comprender a pintura de Velázquez, sen perder de vista a influencia de Zurbarán e Sánchez Cotán, mestres da natureza morta. Inspirado na vida cotiá, combinou recursos técnicos do barroco co seu propio estilo.

Torrón consideraba esta pintura unha das súas creacións máis importantes. Representa cinco xerras de barro organizadas en profundidade, desde as máis difusas no fondo ata unha destacada en primeiro plano. A atmosfera e a gama terrosa (Siena, Ocre, Carmín, Ultramar, Verde Esmeralda) reforzan a súa riqueza cromática. Realizada sobre liño Velázquez e preparada con cola de coello, a obra mostra pinceladas suaves e degradadas, cun leve foco frontal e un brillo cálido case imperceptible na xerra principal.

Atopamos nuns textos do crítico de arte M. Real, nun artigo do xornal *Faro de Vigo*, tras a exposición realizada por Torrón en 1983 na cidade de Vigo, o seguinte:

«Para Torrón a pintura é unha loita diaria, non unha meta. A súa pintura é “o aire, a atmosfera que envolve o obxecto, o poder ver a forma prescindindo do debuxo”. Ás veces un fondo confúndese cunha sombra, xa que “convén esfumalo”. “Eu pinto o realista ao meu aire”, explica. Como mostra a extensa gama de naturezas mortas, o compoñer cos obxectos cotiáns, e os vidros e cristais, que para este grande artista representan a transparencia, a amizade e a nobreza. Gústalle plasmar o natural, o de cada día».



Ría de Santa Cristina, A Coruña

Óleo sobre lenzo

1980-1985

Colección particular

90 x 117 cm

Desde a ribeira da desembocadura da coñecida tamén como ría das Xubias divísase unha paisaxe montañosa xa urbanizada, característica desta zona. A obra foi realizada cara a 1980, polo que a contorna representada difire notablemente da que se pode contemplar hoxe. Os pais de Francisco Torrón posuían unha vivenda neste lugar da Coruña, espazo ao que el acudía con frecuencia e que, en consecuencia, se converteu nunha fonte habitual de inspiración. O cadro reflicte os matices cromáticos e a atmosfera propia da paisaxe galega, un motivo recorrente na súa produción, probablemente vinculado á nostalxia pola súa terra natal.

Un aspecto particularmente rechamante é que esta peza, malia ser unha das máis recoñecibles da súa traxectoria, quedou inacabada e nin sequera aparece asinada. Non obstante, Francisco decidiu non continuala. Mantense así como unha obra enigmática dentro do seu catálogo e é a única destas características. A diferenza doutros traballos inconclusos que quedaron no seu estudo, esta pintura foi exhibida na súa primeira mostra individual na Coruña en 1980 e máis tarde colgada na súa residencia madrileña, onde ocupou un lugar destacado entre as súas preferencias.



Parella de bous

Óleo sobre lenzo

1968

134 x 164 cm

Durante os veráns de finais da década de 1960, Torrón traballou nun encargo de restauración no Museo de Quiñones de León, en Vigo. Alí interveu nun retablo plateresco do século XVII —situado hoxe na entrada do museo— e noutras pezas de gran valor, como a Gran cruz de nácar. Durante a súa estadía, a miúdo cruzaba a ría cara a Redondela nun barco e aproveitaba para percorrer distintos puntos da contorna. No embarcadoiro onde tomaba o barco atracaba con frecuencia un pesqueiro coñecido como “Parella de bous”, e no peirao podían verse as peixeiras recollendo o peixe. Esta escena nocturna, iluminada por lámpadas e polo reflexo da lúa sobre a auga e as sardiñas, impresionouno profundamente e converteuse na inspiración para esta obra.

A pintura é especialmente apreciada dentro da súa produción polo seu carácter singular, tanto na técnica como no estilo. Nela, Torrón emprega abundante materia pictórica e alterna espátula e pincel, o que lle confire á imaxe unha gran forza expresiva; un procedemento pouco habitual na súa traxectoria, pero excepcionalmente axeitado para esta peza.

En relación coa súa estadía en Vigo e a restauración do retablo do Museo de Quiñones de León, convén destacar a importancia deste traballo, que posteriormente se converteu no tema central da súa tese. Este estudo foi realizado na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid baixo a dirección do profesor Francisco Núñez de Celis en 1984. Grazas a este traballo académico, Torrón logrou a validación dos seus títulos obtidos na Real Academia de Belas Artes de San Fernando polo licenciado en Belas Artes.





Bodegón con xerra e froitas

Óleo sobre lenzo

2005

66 x 52 cm



Hórreo. Peteiro
Óleo sobre lenzo
1996
45 x 38 cm

San Francisco
Talla en madeira
1948
81 x 30 x 21 cm

Esta escultura corresponde á primeira etapa formativa de Francisco, realizada con unicamente catorce anos, durante os seus estudos na Escola de Artes e Oficios Eusebio da Guarda da Coruña. A peza está tallada nun único bloque de madeira, agás unha sección do rostro. Trátase dunha obra de notable relevancia, pois nela pode apreciarse o virtuosismo técnico que Torrón manifestaba xa a unha idade tan temperá.

Segundo o crítico de arte Mon do xornal *El Ideal Gallego*, na entrevista realizada a Francisco tras unha das súas exposicións en 1980 na Coruña, comenta:

«Cando falamos con Torrón, realmente impresionados pola estrutura formal da súa pintura, o artista coruñés díxonos que comezara a súa tarefa creadora a través da escultura. Será pois que a estrutura esencial da súa pintura teña fortaleza escultórica...? É posible; pero, en definitiva, pintar non é modelar, e a pintura de Torrón ten unha peculiar expresión que intentaremos desentrañar».





Patio do meu estudo

Óleo sobre lenço

1982

92 x 63 cm



Cartel da exposición

Óleo sobre lenzo

1982

50 x 70 cm



A cacharreira
Óleo sobre lenço
1985
146 x 97 cm



Escoita o mar
Óleo sobre lenzo
1968
62 x 76 cm



Bodegón con cebolas, limóns e vasillas

Óleo sobre lenzo

1982

58 x 68 cm



Bodegón con planta e caracola

Óleo sobre lenzo

1960-1965

80 x 55 cm

Textos en castellano

Prólogo

Inés Rey García

Alcaldesa de A Coruña

